# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15023338 | IES Praia Barraña | Boiro | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua castelá e literatura | 1º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 9 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 11 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 13 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 25 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 26 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 28 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 28 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 31 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 31 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 33 |
| 7.2. Actividades complementarias | 34 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 35 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 36 |
| 9. Outros apartados | 37 |

**1. Introdución**

- CONTEXTO

O IES "Praia Barraña" é un dos tres centros de ensino secundario existentes en Boiro (A Coruña), localidade pertencente ao concello do mesmo nome situado nas Rías Baixas galegas, na denominada Comarca do Barbanza. Trátase dun concello costeiro, duns vinte mil habitantes( 18.976 hab. segundo o censo de 2022) aproximadamente, estreitamente vencellado ás actividades marítimas, que constitúen o núcleo principal da súa economía. A pesca, o marisqueo e a industria conserveira son as actividades laborais máis destacadas que ocupan aos seus habitantes, aínda que comeza a gañar peso na súa economía o sector servizos, todo elo debido ás grandes posibilidades turísticas dunha zona que se encontra en constante expansión.
Con todo isto, o nivel socioeconómico da poboación residente neste concello pódese considerar coma medio–alto,( 924 personas en paro en abril de 2021 (un -19,93% respecto ao mes o ano anterior) grazas sen dúbida a que a vila se encontra nunha das zonas de maior dinamismo tanto económico coma demográfico da Comunidade Galega.

- O ALUMNADO

No curso actual, 2024-20245, o IES ten unha matrícula de 401 estudantes distribuídos en 165 na ESO e 233 en Bacharelato que se distribuirán en 18 grupos: dúas liñas

en 1º, 2º e 3º de ESO e 4º de ESO. A esto sumamos a Unidade de Educaión especial con 5 estudantes e o Programa de diversificación curricular en 4º de ESO cunha ratio de 8 estudantes, En 1º e 2º de Bacharelato contamos, de forma con catro liñas que agrupan as tres modalidades formativas.
En concreto no nivel que nos ocupa a ratio é 45 estudantes distribuídos en: 2 grupos que correspondaen a 1º ESO A: 23 e 1º ESO B : 22 estudantes.
*No momento da redación da programación seguimos recibindo solicitudes de matrícula.

- PROFESORADO

Neste curso 2024/2025 a materia será impartida polas profesoras Gisela González Iglesias ( 1º ESO B) e Andrea Herrero Pérez( 1º ESO A) con reforzo dentro da aula de dúas sesións lectivas para cada grupo impartido pola profesora Lucía Somoza Rey.

- ASPECTOS XERAIS DO TRATAMENTO DA MATERIA

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico

e artístico, científico-tecnolóxico e motor.
O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.
Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.
Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do

alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes

ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización

informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.
Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- - Comunicando: unidade na que analizaremos o proceso de comunicación.
- - La Torre de Babel: centrada na aproximación as linguas faladas no noso país, a presenza do castelán no mundo e a valoración dunha realidade plurilingüe nun contexto de respecto e valoración de todas as linguas.
- - Te doy mi palabra: aproximación a la estructura de la lengua, identificación de las principales categorías gramaticales, sus usos y características.

- - Pintar con palabras: unidade vertebrada en torno ao texto descriptivo, as súas fases de elaboración, estructura, tipoloxías e características.
- - Cúentame un cuento. Cámara y acción!: acercamento ao texto narrativo, ás súas principais manifestacións orais, escritas e multimodais, e aos seus elementos constituíntes e características.
- - Otros mundos posibles: aproximación a la literatura, identificación de sus principales géneros, de las caracteristicas de cada uno y valoración de las obras literarias no solo como manifestaciones artísticas sino también como forma de ocio y representación de una culltura.

**2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias**

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 4 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 4 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 4 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-3-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Comunicando | Nesta primeira unidade do curso achegarémonos ao feito comunicativo a través da presentación das unidades comunicativas básicas que determina a pragmática textual: ENUNCIADO, PARÁGRAFO E TEXTO.<br>1. Unidades da comunicación.<br>2. Enunciado<br>3. Texto.<br>3.1. Definición<br>3.2. Reglas( morfosintácticas, semánticas e fonológicas)<br>3.3. Propiedades ( coherencia, cohesión e adecuación)<br>4. Tipos de tetxos:<br>4.1 identificación das modalidades textuales: narrativo/descriptivo/dialogado/expositivo/argumentativo.<br>Nesta primeira aproximación á textoloxía non profundizaremos nos textos literarios. | 20 | 15 | X | X | X |
| 2 | Pintar con palabras | Describir é pintar con palabras. Aprenderemos a describir de forma efectiva e creativa, a planificar a elaboración do | 10 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Pintar con palabras | texto descriptivo, a súa estructura e a súa forma para lograr unha expresión e comprensión axeitadas desta tipoloxía textual. | 10 | 12 | X | | |
| 3 | Te doy mi palabra | Tras coñecer o proceso comunicativo dende unha perspectiva pragmática , comezaremos a abordar as unidades dende unha perspectiva gramatical.<br>ORACIÓN, FRASE/SITAGMA/PALABRA/MONEMA<br>Coñeceremos de que forma as transformamos para ampliar o noso léxico mediante os procedementos de formación das mesmas, identificaremos as distintas categorías gramaticais, a súa forma e os seus principais usos.<br>A distribución é:<br>PRIMEIRA AVALIACIÓN:<br>1. Enunciado oracional ( Oración).<br>2. Sustantivos<br>3. Adjetivos<br>SEGUNDA AVALIACIÓN:<br>5. Verbos<br>6. Adverbios<br>6. Pronombres y Determinantes.<br>TERCEIRA AVALIACIÓN<br>7. Pronombres y determinantes<br>8. Preposición y conjunción. | 35 | 35 | X | X | X |
| 4 | Cuéntame un cuento/ Cámara y acción!! | Despois da descrición, adentrarémonos  na lectura e elaboración de textos narrativos multimodais  Leremos, veremos e escoitaremos noticias, historias, aventuras en prosa e verso. Aprenderemos a contar contos, chistes, a recordar anécdotas de forma oral e escrita. Para isto analizaremos e practicaremos coas características formais que diferencian á narración da descrición, insisitindo especialmente na importancia da temporalidade e no manexo do pretérito. | 10 | 12 | | X | |
| 5 | Otros mundos posibles | Tras aprender a manexarse con textos non literarios aproximarémonos durante esta ampla unidade a conceptos como realidade/ficción, literario/ non literario, prosa/ verso, xéneros e os seus diferentes elementos caracterizadores. Leeremos e analizaremos textos que amosen a función estética da lingua, que exempliquen a linguaxe figurada, as diferencias entre as variadísimas manifestacións literarias ao longo da historia; sen esquecernos que o literario subxace e contaxia a nosa linguaxe cotiá.<br>Este curso escolar, centrarémonos especialmente na Lirica, para poder | 20 | 25 | | X | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | Otros mundos posibles | integralo no proxecto que se desenvolverá polo día das Letras galegas | 20 | 25 | | X | X |
| 6 | A Torre de Babel | Dedicaremos esta unidade a coñecer a diversidade lingüística. Faremos unha aproximación á diversidades determinadas por diferentes factores , pero centrarémonos especialmente nas variedades diatópicas do español. Así como as zonas de fala hispana e algunhas das variedades máis significativas do castelán.<br>Desenvolveranse conceptos cmo:<br>- Lengua<br>- Dialecto<br>- Linguas oficiais<br>- Lingua de sustrato coas que aproximarse a cuestións como as interferencias lingüísticas.<br>- Tamén será importante a reflexion sobre as linguas indíxenas de Hispanoamerica.<br>- Registro<br>- Jerga<br>- Vulgarismo<br>- Outros. | 5 | 6 | X | | |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Comunicando | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | Non confundir o tema coa idea ou INTENCIÓN última do texto. Ser capaz de enunciar coas suas propias palabras a interpretación do texto. Comprender MECANISMOS LINGÜÍSTICOS( como a ironía ou o sentido metafórico. por exemplo) ou IMPLICATURAS que afecten ao sentido do texto. | PE | 45 |
| CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. | Ser capaz de localizar e explicar con argumentos as variedades determinadas pola adecuación á situación comunicativa comúns. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual. | Ser capaz de XERARQUIZAR as ideas principais de textos breves nun ESQUEMA.<br>Ser capaz de trasformar con palabras propias a información que non é propia. Citar as fontes que utiliza para a súa información. Non copiar. Non plagiar. | | |
| CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Recoñecer a motivación do emisor na escolla do tipo de texto, o léxico, o uso de linguaxe verbal e non verbal, a canle utilizada, en función dos destinatarios e da intención comunicativo. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | Localizar PALABRAS CLAVES captar a IDEA PRINCIPAL, a información máis relevante dos textos narrativos orais e multimodais e a súa intención. Ser capaz de ESTRUTURAR con argumentos vinculados ao contido e non unicamenta á división en parágrafos. | TI | 55 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto narrativo e a información máis importante. | | |
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Detectar e ser capaz de correxir exemplos de LINGUAXE DISCRIMINATORIA nos medios de comunicación, nomeadamente na publicidade e especialmente na prensa. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Elaborar BORRADORES e presentar TEXTOS NARRATIVOS ESCRITOS con coherencia, distribuídos en parágrafos, COHESIONADOS con polo menos DOUS tipos de CONECTORES Os textos deben manifestar control na oralidade, nos coloquialismos e vulgarismos dos textos escritos. | | |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal como o educativo e o social. | RESPECTAR o turno de palabra, ser capaz de expoñer de forma concreta e correcta os problemas detectados e esforzarase por suxerir todas as alternativas de solución posibles respectando as opinón alleas e non amosando ningunha intencionalidade ofensiva. | | |
| CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Revisar os textos propios e ser capaz de facer melloras tanto na ortografía coma na escolla das palabras utilizadas, eliminando repeticións innecesarias e revisando a corrección gramatical (uso coherente dos tempos verbais e concordancia). | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os textos propios e ser quen de identificar erros lingüísticos e solucionalos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.<br>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.<br>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.<br>- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.<br>- Xéneros discursivos do ámbito social: produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital.<br>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. |

| Contidos |
|---|
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Pintar con palabras | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | Localizar PALABRAS CLAVES captar a IDEA PRINCIPAL, a información máis relevante dos textos narrativos orais e multimodais e a súa intención. Ser capaz de ESTRUTURAR con argumentos vinculados ao contido e non unicamenta á división en parágrafos. | PE | 40 |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | Non confundir o tema coa idea ou INTENCIÓN última do texto. Ser capaz de enunciar coas suas propias palabras a interpretación do texto. Comprender MECANISMOS LINGÜÍSTICOS( como a ironía ou o sentido metafórico. por exemplo) ou IMPLICATURAS que afecten ao sentido do texto. | | |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto narrativo e a información máis importante. | TI | 60 |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | Valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos. | | |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información. | Amosar interés por coñecer diferentes FONTES de información, ir descartando outras e amosando diversidades. Ser capaz de argumentar a decisión de uso de unhas sobre outras. Amosar vontade de desenvolver unha mirada CRÍTICA sobre o aprendido. . | | |
| CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos da lectura | Reflectir nos seu traballos a importancia das FONTES nas que se informa sobre asuntos da vida cotiá e rexeitar e non facer uso de ferramentas contarias ao respeto pola AUTORÍA propia ou allea. Discriminar a información útil e percibir as diferenzas entre a INFORMACIÓN e as OPINIÓNS. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Ser capaz de deducir o SIGNIFICADO de palabras novas a partir de diferentes mecanismos tales como o contexto, os formantes da palabras ou outros. Normalizar o uso do DICCIONARIO. | | |
| CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. | Ser capaz de localizar e explicar con argumentos as VARIEDADES determinadas pola adecuación á situación comunicativa comúns. | | |
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Detectar e ser capaz de correxir exemplos de LINGUAXE DISCRIMINATORIA nos medios de comunicación, nomeadamente na publicidade e especialmente na prensa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |
| - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. |
| - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. |
| - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. |
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. |
| - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |
| - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. |
| - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Te doy mi palabra | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Revisar os textos propios e ser capaz de facer melloras tanto na ortografía coma na escolla das palabras utilizadas, eliminando repeticións innecesarias e revisando a corrección gramatical (uso coherente dos tempos verbais e concordancia). | PE | 80 |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Coñecer e identificar as distintas categorías gramaticais, a súa forma e características básicas e os seus usos. | | |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Revisar os textos propios e ser quen de identificar erros lingüísticos e solucionalos. | TI | 20 |
| CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Recoñecer a motivación do emisor na escolla do tipo de texto, o léxico, o uso de linguaxe verbal e non verbal, a canle utilizada, en función dos destinatarios e da intención comunicativo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).<br>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e |

| Contidos |
|---|
| - concordancia.<br>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Cuéntame un cuento/ Cámara y acción!! | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | Localizar PALABRAS CLAVES  captar a IDEA PRINCIPAL, a información máis relevante dos textos narrativos orais e multimodais e a súa intención.  Ser capaz de ESTRUTURAR con argumentos vinculados ao contido e non unicamenta á división en parágrafos. | PE | 51 |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | Non confundir o tema coa idea ou INTENCIÓN última do texto. Ser capaz de enunciar coas suas propias palabras a interpretación do texto. Comprender MECANISMOS LINGÜÍSTICOS( como a ironía ou o sentido metafórico. por exemplo) ou IMPLICATURAS  que afecten ao sentido do texto. | | |
| CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. | Ser capaz de localizar e explicar con argumentos as VARIEDADES determinadas pola adecuación á situación comunicativa comúns. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Elaborar BORRADORES e presentar TEXTOS NARRATIVOS ESCRITOS  con coherencia, distribuídos en parágrafos, COHESIONADOS con polo menos DOUS tipos de CONECTORES  Os textos deben manifestar control na oralidade, nos coloquialismos e vulgarismos dos textos escritos. | | |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Amosar corrección ORTOGRÁFICA en palabras do léxico común. Manifestar unha evolución na RIQUEZA LÉXICA  dos textos escritos. Usar polo menos dous conectores. Ser capaz de atopar SINÓNIMO para evitar repeticións innecesarias. Ser capaz de diferenciar e utilizar dous REXISTROS de uso da lingua. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual. | Ser capaz de XERARQUIZAR as ideas principais de textos breves nun ESQUEMA.<br>Ser capaz de trasformar con palabras propias a información que non é propia. Citar as fontes que utiliza para a súa información. Non copiar. Non plagiar. | | |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto narrativo e a información máis importante. | | |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | Valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos. | | |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información. | Amosar interés por coñecer diferentes FONTES de información, ir descartando outras e amosando diversidades. Ser capaz de argumentar a decisión de uso de unhas sobre outras. Amosar vontade de desenvolver unha mirada CRÍTICA sobre o aprendido. . | | |
| CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos da lectura | Reflectir nos seu traballos a importancia das FONTES nas que se informa sobre asuntos da vida cotiá e rexeitar e non facer uso de ferramentas contarias ao respeto pola AUTORÍA propia ou allea. Discriminar a información útil e percibir as diferenzas entre a INFORMACIÓN e as OPINIÓNS. | | |
| CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Ser capaz de deducir o SIGNIFICADO de palabras novas a partir de diferentes mecanismos tales como o contexto, os formantes da palabras ou outros. Normalizar o uso do DICCIONARIO. | TI | 49 |
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Detectar e ser capaz de correxir exemplos de LINGUAXE DISCRIMINATORIA nos medios de comunicación, nomeadamente na publicidade e especialmente na prensa. | | |
| CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais. | Producir textos NARARTIVOS ORAIS breves CON AXUDA dun guion no momento da exposición. Ser capaz de proxectar a voz para garantir a escoita. Incorporar algún signo de linguaxe non verbal ( movemento das mans, e variación de tono). | | |
| CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística. | Ser capaz de contestar ou PARTICIPAR cando é requerido polo grupo e/ou docente e contribuír de forma coherente, e non con intención disruptiva, nas conversas pautadas que se desenvolven, | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. | Ser capaz de entregar en tempo un PRODUTO FINAL que desenvolva todas as etapas e fases do proxecto proposto. | | |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Amosar unha actitude AUTOCRÍTICAsobre a súa produción e manifestar interés por subsanar os erros formais e as incoherencias dos seus textos reescribindóos e recollendo as indicacións de CORRECCIÓN e mellora dadas pola profesora. | | |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal como o educativo e o social. | RESPECTAR o turno de palabra, ser capaz de expoñer de forma concreta e correcta os problemas detectados e esforzarase por suxerir todas as alternativas de solución posibles respectando as opinón alleas e non amosando ningunha intencionalidade ofensiva. | | |
| CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual. | Ser quen de consultar distintas fontes de información valorando a súa fiabilidade e incluír a información recoñecendo a autoría da mesma. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.<br>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.<br>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.<br>- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.<br>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |

| Contidos |
| --- |
| - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.<br>- Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.<br>- Xéneros discursivos do ámbito social: produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital.<br>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.<br>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).<br>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.<br>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 5 | Otros mundos posibles | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | Ser capaz de captar a IDEA PRINCIPAL e a información máis relevante dos textos que presenten linguaxe figurada e estruturas non lineais. Non confundir o TEMA co significado ou INTENCiÓN do mesmo. Saber identificar a ESTRUTURA. Localizar os principais RECURSOS EXPRESIVOS empregados. | PE | 53 |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Manifestar unha OPNIÓN ARGUMENTADA sobre un texto vinculado ao feito literario e non reducir a súa valoración a un "me gusta" " no me gusta". | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | IDENTIFICAR e xustificar o XÉNERO ao que pertencen fragmentos de textos en prosa e verso de direntes épocas. | | |
| CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | Saber RELACIONAR textos atendendo a diferentes eementos e CONECTAR diferentes manifestacións artísticas atendendo polo menos a súa tematica. Amosar INQUEDANZAS INTELECTUAIS e curiosidade. | | |
| CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. | Realizar unha ESCOITA ACTIVA, respectar as opinións alleas, nunca manifestar unha intención disrutiva nin ofensiva. Amosar respeto e ser capaz de VALORAR a importancia do feito cultural, do traballo cooperativo e da colectividade. Participar con interés das propostas que se lle achegan. | TI | 47 |
| CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Facer polo menos dúas achegas propias de fragmentos literarios para compartir en lectura oral. Ler polo menos tres obras completas Elaborar un produto final que evidencia a súa experiencia lectora. | | |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora. | Elaborar polo menos unha RECOMENDACiÓN lectora dunha forma argumentada. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | ESCRIBIR textos de intención literaria axustados as pautas de TEXTOS MODELOS e respectando as convencións esenciais dos xéneros e empregando recursos expresivos. | | |
| CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual. | Ser quen de consultar varias fontes de información valorando a súa fiabilidade e incluir esa información citando as fontes | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.<br>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.<br>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.<br>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.<br>- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.<br>- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.<br>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.<br>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.<br>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.<br>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.<br>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.<br>- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.<br>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | A Torre de Babel | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Identificar as linguas oficiais de España e a súa localización. Aproximarse á presenza da nosa lingua no mundo, localizando aqueles países ou lugares nos que está presente. | PE | 75 |
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Identificar os discursos discriminatorios ou prexuizosos cara as linguas ou a diversidade lingüística. | | |
| CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna. | Valorar a diversidade lingüística como unha realidade positiva e identificar os prexuízos cara as linguas no discurso. | TI | 25 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo.<br>- As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal.<br>- Iniciación á reflexión interlingüística.<br>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

As estratexias metodolóxicas que desenvolvemos maioritariamente están vinculadas ás metodoloxías que teñen ao alumando no centro do proceso de aprendizaxe. Agora ben, aínda que non forme parte das tendencia metodolóxicas actuais, cremos que esta metodoloxía activa é compatible cunha didáctica na que se instala tamén as clases expositivas.
En concreto son tres as principais estratéxicas inciden nestes pilares:
O vínculo emoción-aprendizaxe. Deseñamos algunha secuencia de actuacións didácticas e seleccionamos algún material no que a emoción, despoxada de calquera trazo de banalidade, cobra sentido. Tamén nas clases expositivas, por suposto. Unha emoción colectiva vinculada a idade e a realidade do noso grupo e a nosa contorna, pero tamén, a medida que se desenvolva o curso e nos coñezamos, unha emoción que apele ao individual. Consideramos imprescindible insistir na dimensión afectiva da aprendizaxe.
Esta estratexia faise fundamental en especial no desenvolvemento dos contidos vinculados ao bloque de Educación literaria (de feito, non determinamos un único título para a lectura dunha obra completa por trimestre; o alumnado poderá seleccionar segundo o seus intereses) e tamén na selección de textos e temáticas para a comprensión e expresión escrita.
O pensamento lateral/crítico. Deseñamos secuencias didácticas que coloquen ao alumnado diante de problemas cotiás que require do seu esforzo para resolvelos. Nestas actividades como docentes non somos responsables de brindar información, os contidos aprecen como consecuencia do proceso. O noso papel é guiar e orientar ao alumnado na súa procura. Despois concretánse os contidos. Para a efectividade desta estratexia é clave unha coidadosa selección e construción dos problemas e ou proxectos.
Esta estratexia faise fundamental no bloque vinculado ao coñecemento da lingua.

O valor do cooperativo no desenvolvemento de proxectos. Este método subxace ao deseño dos noso proxectos trimestrais que o alumnado deberá resolver principalmente por equipos realizandounha¿investigación, abordando¿diversas actividades de aprendizaxe¿ao longo do procedemento e¿traballando de maneira colaborativa e practicamente autónoma. Por último,¿compartirán o produto final ou solución co resto do grupo-clase.¿Na configuración de grupos é fundamental a repartición de roles: Persoa coordinadora, secretaria, portavoz e asistente.
Esta estratexia explica as actividade e instrumentos de cualificación dunha parte importante dos contidos vinculados a Expresión escrita do Bloque xx. Programamos un proxecto por avaliación.
¿ 1ª avaliación: Mi criatura fantástica
¿ 2ª avaliación: Una historia fantástica
¿ 3ª avaliación: aínda sen determinar
¿ Recursos persoais. Contamos cunha persoa docente de reforzo en dúas sesións semanais. O alumnado con necesidades recibe o apoio non significativo dentro da aula. O seu obxectivo é supervisar e dar respostas as súas demandas, polo que na programación de aula unha das dúas sesións sempre será adicada á expresión escrita ou a realización de exercizos.
Este curso non contaremos co apoio de audioción e linguaxe.
¿ Recursos espaciais. Aínda que temos que conciliar a distribución espacial co resto do equipo docente defendemos unha organización flexible. A distribución en grupo de tres en liñas horizontais parécenos interesante unha vez que coñezamos ao grupo e poidamos configurar equipos equilibrados.
Esta disposición resulta útil para o traballo independente do alumno no seu sitio, á vez que posibilita practicar as titorías interpares, a heteroavaliación e a colaboración. Tamén funciona para as explicacións, as preguntas e respostas; estimulan aos alumnos para concentrarse no profesor. Con todo, esta distribución non resulta conveniente cando pretendemos estimular a interacción real do alumnado porque insiste especialmente no informativo e non no reproductivo. Neste caso debemos insistir na flexibilización do recurso espacial.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola profesora. |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes. |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes. |
| Libro de texto |
| Selección de títulos de obras completas de diferentes xéneros de entre os cales seleccionarán as súas tres lecturas obrigatorias completas e outras voluntarias. |
| Selección da fragmentos literarios para ser lidos en voz alta. |
| Selección de fragmentos literarios para a práctica da escritura. |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia. |
| Recursos ludificadores, como dados narrativos e tarxetas de imaxes. |

A proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada situación de aprendizaxe, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.O principal soporte para o teórico será o Revuela 1ºESO. Editorial SM . O alumnado poderá estudar por aquí. O manexo do libro non seguirá unha orde lineal xa que a relación das unidades e o contido das mesmas non coincide coa nosa proposta. O alumnado contará con outros materiais que estarán compilados e organizados por unidades no curso pertinente da aula virtual do centro. A selección e deseño destes materiais está determinado polo contexto e busca responder ao perfil do alumnado, e ás necesidades concretas das diferentes alumnas e alumnos, polo que, nalgún caso, este material está en construción no momento mesmo da redacción desta programación. Este material abrangue tamén diferentes estilos de aprendizaden para abordar axeitadamente a atención á diversidade na

aula.
Por todo isto traballaremos con:

- Discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.
- A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica. Descartamos o uso de versións de clásicos adaptados; a aproximación á historia da literatura realizarémola a partir da lectura guiada e acompañada de fragmentos ou textos breves -
- O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.
- O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.
- Listaxe de obras de lectura (dispoñibles na biblioteca do centro). Cada alumno lerá unha obra por avaliación, elixindo de entre as seguintes:
    - Alcolea, Ana; El medallón perdido.
    - Gallego, Laura; Crónicas de la Torre I. El valle de los lobos.
    - García-Rojo, Patricia; El mar.
    - Kelly, Jacqueline; La evolución de Calpurnia Tate.
    - Mallorquí, César; Las lágrimas de Shiva.
    - Martín Gaite, Carmen; Caperucita en Manhattan.
    - Mirón, Sonia; Si tú quieres.
    - Moreno, Eloy; Invisible.
    - Sierra i Fabra, Jordi; El asesinato de la profesora de lengua.
    - Sierra i Fabra, Jordi; El asesinato del profesor de matemáticas.
    - Ruiz Zafón, Carlos; El príncipe de la niebla.
- O emprego das TIC atopa neste curso escolar unha dificultade ao modificar as Normas de Organización e Funcionamento de Centro (NOFC) e prohibir o uso de dispostivos. Porén, normalizaremos o uso colectivo daos seguintas amteriais de consulta:

Dicionario da Real Academia Española: www.rae.es
Dicionario Panhispánico de Dúbidas: www.rae.es/dpd
Medios de comunicación: https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php
Compilación da obra lírica dos poetas más relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com
Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: http://cervantesvirtual.com
Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: https://www.testeando.es/
Portal de recursos educativos Leer.es: https://leer.es/
Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice
Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: https://www.intralineas.com/
Materiales de Lengua y Literatura: http://www.materialesdelengua.org/
Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
Exercicios interactivos para traballar o léxico: http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm
Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html
Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/
Canle de youtube con poemas recitados: https://www.youtube.com/c/Cond%C3%A9NastThink

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

AVALIACIÓN INICIAL

- AO INICIO DE CURSO

No curso 2023-2024 e tras a implementación total da LOMLOE, o noso centro comezou desenvolver un procedemento de avalición inicial que busca dar reposta ao perfil competencial que determina ao marco lexislativo no que nos instalamos. Este procedemento desenvolverase en 1º de ESO, pero no resto dos niveis cada materia desenvolverá os seus procedementos.
Estas avaliación concretaranse en probas que se realizarán durante a última semana de setembro xunto con outras vinculadas ao científico-matematico, ao artístico e ao convivencial. A estes ámbitos engadimos un cribado paradetectar dislexia.
Os resultados destas correccions xunto coas conclusións dos outros procedementos complementarios que cada docente desenvolverá serán reflectidos nas rúbricas de acceso a todo o equipo docente recollidas no curso de aula virtual habilitado para iso.
A análise conxunta dos resultados levarase a cabo na segunda semana de outubro.
Dende a materia de Lingua castelá e Literatura en 1º de ESO abordamos a avaliación inicial xunto coas materais do ámbito sociolingüístico. Os instrumentos e procedementos para desenvolver a avaliación inicial son:
1. Observación directa.
2. Proba escrita para a comprensión escrita de textos continuos en dosu niveis de comprensión: a) localización de información b) inferencias
3. Proba escrita apra a comprensión oral de textos continuos en dous niveis de comprensión: a) localización de información b) inferencias
4. Proba escrita para a expresión escrita de a) texto de linguaxe cotiá e b) de creatividade

- ALUMNADO QUE SE INCORPORA INICIADO O CURSO

Neste curso 2024-2025 estase traballando para establecer un procedemento coordinado dende o departamento de Orientación que nos permita, non soamente avaliar competencias especilamente de comprensión lectora e matemática, se non identificar carencias ou características significativas.
No momento desta redacción áinda non temos esta ferramenta polo que a avaliación deste alumnado determinarase dende dúas ferramentas principais para a nosa materia:
- Observación directa repercutida nunhá táboa de verificación.
- Proba escrita para a expresión esxrita e o coñecemento da lingua
- Proba oral para a compresión escrita e a expresión oral.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **UD 4** | **UD 5** | **UD 6** | **Total** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **20** | **10** | **35** | **10** | **20** | **5** | **100** |
| **Proba escrita** | 45 | 40 | 80 | 51 | 53 | 75 | **60** |
| **Táboa de indicadores** | 55 | 60 | 20 | 49 | 47 | 25 | **40** |

**Criterios de cualificación:**

- CRITERIOS CUALIFICACIÓN
  - Na avaliación ordinaria a nota final do boletín será redondeada á unidade seguinte se a

nota calculada, segundo os criterios de cualificación de cada progarmación didáctica, sexa de máis de 0,5 decimais por riba do enteiro anterior.

- Esta norma non terá que ser aplicada no resto das avaliacións.
- A nota final da ordinaria será o resultado do cálculo cos números reais de cada avaliación segundo os criterios de cualificación de cada programación didáctica e non co díxito presente no boletín de cada avaliación.

- DISTRIBUCIÓN DA CUALIFICACiÓN:
- Instrumento 1: Probas escritas ( Haberá unha ou dúas probas cada avaliación segundo o desenvolvemento da programación de aula)

Ponderación: 45%
Contidos avaliados: Os vinculados aos bloques de  Comprensión escrita, Comprensión oral, Reflexión sobre a lengua, Educación literaria.

- Instrumento 2: Observación directa de traballo diario cuxa cualificación estará reflectida no cuaderno docente e/ou táboa de verificación.

Ponderación:  20%
Contidos avaliados: Os vinculados ás competencias de cada un dos bloques

- Instrumento 3: Caderno de clase cuxa cualificación estará reflectida no cuaderno docente e/ou rúbrica

Ponderación: 10%
Contidos avaliados: Os vinculados ás competencias de cada un dos bloques

- Instrumento 4: Caderno de escritura avaliado segundo táboa de verificación.

Ponderación: 10%
Contidos avaliados: Os vinculados ás competencias de xxxxx de cada un dos bloques

- Instrumento 5: Proxecto avaliado mediante táboa de verificación.

Ponderación:  15%
Contidos avaliados: Os vinculados ás competencias de xxxxx de cada un dos bloques

- Instrumento 6: Proba oral

Ponderación: 10%.
Contidos avaliados: Os vinculados ao bloque de Educación literaria e Comprensión e expresión oral.

- OBSERVACIÓNS:
  - CASOS DE FRAUDE:
    - Son fraudes académicos:
      - Alterar, falsificar, subtraer ou destruír documentos académicos, ou utilizar documentos falsos.
      - O plaxio ou a fraude nun traballo ou actividade.
      - Apoderarse indebidamente do contido de probas, exames ou controis de coñecemento.
      - Coñecer previamente as preguntas dun exame para preparar as respostas.
      - Utilizar ou recorrer algún outro tipo de trampa (

dispositivo electrónico, auricular...)

- Non citar as fontes ou recursos utilizados( enténdase IA, entre outrso) para a elaboración de traballos.

Estes comportamentos fraudulentos suporán unha sanción e unha cualificación de cero na ferramenta. A proba ou traballo non poderá ser repetido.

No caso de que a cualificación de cero na ferramenta supoña o suspenso na avaliación o/a alumno/a acollerase ao procedemento de recuperación común establecido en cada unha das programacións.

Se esta circunstacia acontece na avaliación final, o/a alumna non poderá recuperar a materia.

- A NON REALIZACIÓN DE PROBAS OU ENTREGA DE TRABALLOS
  - Se a falta de asistencia non está xustificada documentalmente non se repetirá a proba. Haberá excepcións derivadas da análise concreta de cada caso.
  - Se a falta de asistencia está xustificAda documentalmente o/a alumno/a deberá realizar a proba ou entrega do instrumento de cualificación na primeira sesión na que se incorpore ao centro nos termos sinalados pola persoa docente correspondente.
  - Se o/a alumna non realiza a proba segundo este procedemento a cualificación do instrumento será de 0.
  - Neste casos o/a alumno/a acollerase ao procedemento de recuperación común establecido en cada unha das programacións.

**Criterios de recuperación:**

- No caso de non acadar un cinco (5) en cada unha das avaliación o alumnado terá a oportunidade de recuperar mediante:

1) A realización dunha proba final escrita durante o mes de xuño para recuperar cada unha das avaliacións non superadas.
2) A realización e entrega dos traballos esenciais que non foron superados en cada unha das avaliacións.
3) A realización dunha proba final escrita ou oral para recuperar as lecturas non realizadas.

- No caso de que un alumno/a copie nunha proba e/ou traballo esta será anulada e terá que realizarse na sesión da materia inmediatamente posterior ao suceso.
- No caso de inasistencia a unha proba ou entrega de trtaballo o alumnado deberá realizala na sesión da materia inmediatamente posterior á ausencia.
- No caso de non asistir sen xustificación a unha actividade complementaria o alumnado deberá realizar unha actividade compensatoria que a substitúa.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede. En 1º de ESO o alumnado non pode ter a materia pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Aínda que a diversidade é unha etiqueta inabarcable e inherente a calquera grupo humanos, se nos limitamos a reflectir algunha delas, sinalar que:

- Alumnado con necesidades educativas especiais:

1º ESO A: ( consultar MiguelO
1º ESO B:

- Alumnado con Exención de Segunda lingua estranxeira:
- Alumnado que repetiu algún curso de Educación primaria:
- Alumnado que repite 1º de ESO:
- Alumnado con protocolo de absentismo aberto nalgún curso:
- Alumnado con protocolo de risco suicida aberto:

- REFORZO EDUCATIVO:

Para atender a algunha destas diversidades está implementado reforzo educativo dentro de aula impartido pola profesora Lucía Somoza Rey.
O reforzo educativo desenvólvese en dúas sesións semanais.
As actuacións deseñadas para estas sesións aínda están sen determinar no momento da redacción deste documento por desecoñecer a realidade e funcionamento do grupo. De forma xeral a dinámica é que estas sesións sexan adicadas ao desenvolvemento de actividades de aplicación de contidos presentados nas sesións ordinarias coa docente de referencia.

- EXENCIÓN DE SEGUNDA LINGUA

Ao inicio de curso desenvolvemos unha reunión de cooordinación para fixar o procedemento a seguir coa docente que imparte a exención. No noso caso trátase da profesora de Pedagoxía Terapéutica ( Nuria Pozo Castro).
O obxectivo desta exención é:
- Actividades propias, deseñadas pola PT, de reforzo e ampliación para a comprensión e expresión escrita.
- Actividades de acompañamento para a preparación de probas, lecturas e traballos deseñados dende a aula de referencia.

- METODOLOXÍA PARA A DIVERSIDADE:

METODOLOXÍAS ACTIVAS para a mellora da convivencia e a atención ás diversidades é unha premisa no deseño e desenvolvemento desta programación didáctica. Se ben é certo que está atención non pode ser explicada polo miúdo non momento da redacción da mesma porque aínda non se celebraron ás sesións da avaliación inicial.
1.1APRENDIZAXE  EMOCIÓN-APRENDIZAXE
Co obxectivo de:

- Mellora do ambiente fsico e emocional do grupo-clase.
- Promover a integración e cohesión dos membros do grupo.
- Mellorar a calidade de relaciónelas profesora alumna.
- Favorecer a motivación cara á aprendizaxe.
- Favorece a xestión das emocións.
- Favorece a creatividade.
- Favorece a aprendizaxe significativa.
- Mellora do rendemento escolar

No desenvolvemento das sesións ordinarias aplicamos os aspectos emocionais que caracterizan ao grupo e, a medida que vaiamos coñendo ao noso alumando, para fomentar a motivación cara á aprendizaxe ou unha aprendizaxe máis motivadora. Esta estratexia faise fundamental no desenvolvemnto dos contidos vinculados ao Bloque de Educación literaria. De feito, non determinamos un único título para a lectura dunha obra completa por trimestre; o alumnado poderá seleccionar. Para garantir a diversidade, na nómina de lecturas, haberá opcións de audiolibro.
1.2. APRENDIZAXE BASADO NO PENSAMENTO LATERAL/CRÍTICO
Co obxectivo de:

- Promover a cultura do pensamento na escola. -
- Adestrar desde a aula procesos de pensamento de maneira estruturada e consciente.
- Aplicar sistemátcamente estratexias e destrezas de pensamento no ámbito escolar.
- Primar os procesos de pensamento sobre os coñecementos e producións mecánicas. A calidade por encima da cantdad, e a análise crítco e creatvo sobre a repetción.

Para iso as nosas sesións ordinarias están caracterizadas por estartexias como:

- Mapas conceptuais.
- Choiva de ideas.
- Rutinas de pensamento.
- Destrezas de pensamento.
- Hábitos da mente.
- Chaves do pensamento.

1.3. APRENDIZAXE BASADO EN PROXECTOS
Co obxectivo de:

- Aprender a organizarse e realizar un traballo autónomo.
- Usar diferentes ferramentas e realizar sínteses.
- Permitr a inclusión de todo o alumnado cos seus diferentes ritmos de traballo.
- Profundar en contidos.
- Fomentar a conciencia de grupo e a responsabilidade de todos os seus membros.
- Aprender a alcanzar obxetivos a medio prazo, planifcar e organizar procesos

Utilizamos esta metodoloxía para o desenvolvemento do contidos vinculados, principalmente,  á Expresión escrita do Bloque xx. Programamos un proxecto por avaliación.

- 1ª avaliación: Mi animal imaginario??
- 2ª avaliación: Okupasión poética??
- 3ª avaliación: xxx??'

1.4. APRENDIZAXE COOPERATIVO.
Co obxectivo de:

- Favorecer a aprendizaxe de todos.
- Favorece a socialización e interdependencia.
- Estmular a axuda entre iguais.
- Desenvolve habilidades dialóxicas e de cooperación.
- Aumentar a motvación pola tarefa.

- Permitir a adecuación dos contidos ao nivel do alumnado.

Nalgún dos proxectos propostos arriba, desenvolvemos nas súas primieras fases un aprendizaxe cooperativoo na que o alumnado se agrupa en grupos heteroxéneos e traballan de forma coordinada e
interactva para resolver a tarefa. É fundamental a repartición de roles: Persoa coordinadora, secretaria, portavoz e asistente

2. ESTILOS DE APRENDIZAXE. Ademáis destas estratexias inclusivas, que arriba concretamos, deseñamos actividades e instrumentos de cualificación que teñen com obxectivo dar resposta as diferentes particularidades na aprendizaxe de cada alumna/alumno (estilos de aprendizaxe, ciclos de aprendizaxe). Desta maneira contamos con:

- O apoio visual nas presentaciónse explicacións ( esquemas, diagramas...)será unha constante. O alumnado que o precise terá acceso a estes mapas e esquemas( en cor) na aula virtual.
- O apoio auditivo. Ás explicacións teóricas serán recollidas en arquivos de audio a disposición do alumnado na aula virtual.
- Para avalliar a comprensión escrita non podemos limitarnos ao verbal. É imprescindible que o alumnado con dificultades no lingüistico poida superar os criterios de avaliación vinculados á comprensión. Así, incluirase nos instrumentos alternativas multimodais, por exemplo, a elaboración de debuxos.

3. RECURSOS PERSOAIS:
Docente de reforzo en dúas sesións semanais. O alumnado con necesidades recibe o apoio non significativo dentro da aula. O seu obxectivo é supervisar e dar respostas as súas demandas, polo que na programación de aula unha das dúas sesións sempre será adicada á expresión escrita ou a realización de exercizos.
* Este curso non conatremos co apoio de audioción e linguaxe.

4. RECURSOS ESPACIAIS
Aínda que temos que conciliar a distribución espacial co resto do equipo docente o noso obxectivoe a disposición da aula expositiva, na que todos alumnos están sentados e illados no seu pupitre mirando á lousa, segue sendo a norma no nosos centro, avogamos porque cando sexa posible a aula se flexibilice. A distribución en grupo de catro parécenos interesante unah vez que coñezamos ao grupo e poidamos configurar equipos equilibrados.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflictos | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | | | | | |
| ET.3 - Educación cívica e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Formación estética | | X | | X | X | |
| ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a saúde | | X | | | | |

**Observacións:**

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación empocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.
A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflictos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.
Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero.
A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Organización dun club de lectura | Unha das profesoras da materia é a coordinadora do club de lectura do centro para 1º e 2º ESO, "DeBoirolibros". | X | X | X |
| Visita de autores e autoras | Agardamos recibir a visita dalgúns dos autores/as das obras seleccionadas para a lectura, para que conversen co alumnado sobre a obra e sobre o proceso de escritura | | X | X |
| Celebración de efemérides participando das actividades organizadas polo Equipo de Dinamización Artística e Cultural do centro | Coa celebración destas datas o alumnado poderá reforzar contidos fundamentais e traballar elementos transversais | X | X | X |
| Asistencia ao teatro ou a obradoiros de escrita invitados polo concello | En cursos anteriores a Concellería de Educación e Cultura organizou estas actividades que permiten ao alumnado aproximarse a distintas expresións artísticas | X | X | X |
| Realización dun cómic | Trátase dun proxecto integrado co departamento de EPV | | X | |
| Poetízate | Actividade integrada vinculada ao proxecto integrado deseñado dende BarrañaEnrede. | | | X |

**Observacións:**
No momento da redacción desta programación aínda se está definindo o programa de actividades.
A idea é traballar de forma máis integrada con outros departamentos. En concreto, estamos en conversas co profesorado de educación plástica e visual e o profesorado de lingua galega.
Tamén estase analizando a participación do alumnado  máis representacións teatrais e eventos culturais, roteiros literarios, visitas guiadas... pero o alto custo do transporte e o encarecemento das actividades fai difícil a organización destas actividades.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Non houbo modificacións significativas entre a programación didáctica e a programación de aula. |
| Abordáronse todos os bloques, sen deixar contidos e obxectivos. |
| Metodoloxía empregada |
| Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre a estrutura e os contidos principais. |
| Ao inicio de cada unidade, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos. |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave. |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción... |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación. |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos. |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector. |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas. |
| A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é maaioritariamente xeitada. |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados. |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...) |
| Medidas de atención á diversidade |
| Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren. |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados. |
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...) |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Realizáronse actividades integradas con outras materias, especialmente LG |
| Mantívose o mesmo cronograma nos dous grupos. |

**Descrición:**

O procedemento de avaliación será a través de tres modelos:

- Heteroavaliación:

O profesorado poderá obter información da práctica docente a través dun cuestionario individual e anónimo.
Este cuestionario está incluído na aula virtual do centro e consta de poreguntas vinculadas aos indicadores sinalados no apartado anterior.
O cuestioanrio realizarase durante o horario lectivo en coordinación coa xefatura de estudos,.

- Autoavaliación e Coavalilación.

Cada docente de forma individual e dentro dos órganos colexiados avaliará a súa práctica docente a través das seguinets ferramentas:

- A análise de resultados realizado dende xefatura de estudos e presentados en Claustro e Consello Escolar.
- A análise de resultados recollida en acta de cada departamento.
- O Seguimento final realizado na aplicación Proens por cada docente
- A memoria final de cada departamento.
- Reflexión privada do propio docente, con énfase na análise dos seus resultados e propostas de mellora, que se recollerá en ( cadaquén introduza o seu instrumento)

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O procedemento de avaliación será a través de tres modelos:

- Heteroavaliación:

O profesorado poderá obter información da práctica docente a través dun cuestionario individual e anónimo.
Este cuestionario está incluído na aula virtual do centro e consta de poreguntas vinculadas aos indicadores sinalados no apartado anterior.
O cuestioanrio realizarase durante o horario lectivo en coordinación coa xefatura de estudos,.

- Autoavaliación e Coavalilación.

Cada docente de forma individual e dentro dos órganos colexiados avaliará a súa práctica docente a través das seguinets ferramentas:

- A análise de resultados realizado dende xefatura de estudos e presentados en Claustro e Consello Escolar.
- A análise de resultados recollida en acta de cada departamento.
- O Seguimento final realizado na aplicación Proens por cada docente
- A memoria final de cada departamento.

- Reflexión privada do propio docente, con énfase na análise dos seus resultados e propostas de mellora, que se recollerá en ( cadaquén introduza o seu instrumento)

**9. Outros apartados**